



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Relación de persoas aprobadas no proceso de estabilización polo sistema de concurso-oposición, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, prazas oficial 2ª grupo emerxencias supramunicipal

ANUNCIO

De conformidade co establecido na base décimo cuarta das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición e nas bases específicas do proceso de estabilización polo sistema de concurso oposición, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, oficial 2ª grupo emerxencias supramunicipal, pertencente á Oferta de Emprego Público extraordinaria, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno local realizada con data 26.05.2022 (BOP de a Coruña nº 101 de 30 de maio de 2022), e de emenda de erros de 1 de xuño de 2022 (BOP de A Coruña nº111 de 13.06.2022), sendo publicada a convocatoria, xunto co texto íntegro das bases específicas do proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, prazas Oficial 2ª Grupo Emerxencias Supramunicipal, no Boletín Oficial da Provincia núm. 247, de 30.12.2022 (bases específicas que con posterioridade foron modificadas, téndose publicado o texto íntegro das bases, incluída a citada modificación, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 251, de 31.12.2024), e a convocatoria en extracto no Diario Oficial de Galicia núm. 22, de 03.02.2025, e no Boletín Oficial do Estado núm. 38, de data 13.02.2025, faise público que pola Resolución núm. 2025-0967, de data 05.08.2025, e tras a realización do correspondente proceso selectivo polo sistema de concurso oposición, procedeuse a prestar aprobación á relación de persoas aprobadas no citado proceso selectivo, tal e como de seguido se indica:

Aspirante	DNI	Puntuación
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, FIDEL	***6274**	95,00
ROMERO BARRO, ALEJANDRO	***9986**	77,82

As persoas aprobadas, de conformidade co establecido na base décimo cuarta das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición, disporán dun prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación no BOP da relación de aprobados, para presentar no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos a documentación que se relaciona na citada base décimo cuarta, incluída a documentación orixinal acreditativa doutros requisitos esixidos nas bases específicas da convocatoria.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, en data 5 de agosto de 2025.

2025/5241